

SEMINARIO

OS MUSEOS NA SOCIEDADE ACTUAL

A SITUACIÓN EN GALICIA. UNHA PERSPECTIVA CRÍTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
25 E 26 DE SETEMBRO DE 2013



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Ao longo da súa historia os museos sufriron un proceso de cambio para se adaptaren ás novas realidades sociais e novas formas de percibir os bens culturais e o papel destes na sociedade. Os retos dos museos hoxe non son só como definir de novo a ecuación colección-público e enfrontarse a públicos con intereses variados, senón como sobrevivir nun mundo cambiante e onde o cultural é entendido en termos economicistas. Nesta nova relación, a colección parece perder presenza ante o peso da rendibilidade económica e a importancia das cifras de visitantes. Son estes dous últimos elementos os que semellan facer rendible o museo, cando esta institución non naceu co carácter de negocio empresarial. Agora hai que engadir como elemento de medición tamén a espectacularidade da oferta cultural. A sustentabilidade dos museos está en perigo nun momento en que o poder público perde presenza ante a forza do sector privado na administración dos servizos públicos. Os museos precisan novos valedores institucionais e civís para poder seguir tendo presenza e cumprir a función social.

Os museos galegos non escapan a esta situación, mesmo diríamos que aquí se agrava polas características periféricas da nosa sociedade e pola concepción feble da institución museística. Este seminario pretende abordar a situación dos museos dende unha perspectiva crítica articulada arredor das seguintes claves: reflexións teóricas, a función e percepción social dos museos, a sustentabilidade: poderes públicos e sector privado, o marco normativo e a situación actual dos museos en Galicia. Deste xeito procurárase achegar ferramentas de reflexión útiles aos profesionais dos museos, que terán que facer autocrítica e mellorar a súa formación para poder ofrecer programacións acordes coas novas interpretacións dos bens culturais. Ademais, intentarase afondar na función social dos museos e mostrar que son institucións válidas para a Galicia do século XXI, capaces de ofrecer resposta á necesidade de coñecemento, de axudar a cohesionar a sociedade civil, de dar continuidade aos procesos culturais históricos, de vincular as novas xeracións cunha tradición; todo isto nun contexto onde os referentes da memoria colectiva son cada vez máis febles e onde cómpre potenciar a comunicación con outras culturas. Neste sentido, é necesaria unha normativa axeitada aos tempos, normativa que os entenda como centros de acción cultural e lles permita traballar con eficacia e liberdade, máis alá da consideración de simples unidades administrativas. Igualmente, a normativa debe clarificar e ordenar o disperso, e por veces caótico, mundo dos museos galegos, así como ofertar ferramentas precisas de xestión.

PROGRAMA

- 25 DE SETEMBRO -

09:00 h .. Entrega de documentación

09:30 h .. Inauguración

1ª SESIÓN. MUSEOS HOXE: REFLEXIÓNS TEÓRICAS

10:00 h .. Antón Baamonde. Filósofo

10:45 h .. Jacques Hainard. Museólogo, antigo director do Musée de Neuchâtel

11:30 h .. Pausa

12:00 h .. Debate

Antón Baamonde, Jacques Hainard.

Modera: Xosé Carlos Sierra Rodríguez. Director do Museo Etnolóxico de Ribadavia

2ª SESIÓN. FUNCIÓN E PERCEPCIÓN SOCIAL DOS MUSEOS

16:00 h .. Vincenzo Padiglione. Profesor asociado de Antropoloxía cultural e museal e de Etnografía da comunicación, Sapienza Università di Roma

16:45 h .. Gemma Carbó Ribugent. Coordinadora de proxectos Cátedra UNESCO de Políticas Culturais e Cooperación, Universitat de Girona

17:30 h .. Debate

Vincenzo Padiglione, Gemma Carbó Ribugent.

Modera: Felipe Arias Vilas. Director do Museo do Castro de Viladonga

- 26 DE SETEMBRO -

1ª SESIÓN. SUSTENTABILIDADE DOS MUSEOS. PODERES PÚBLICOS E SECTOR PRIVADO

10:00 h .. António Maia Nabais. Museólogo e presidente da Assembleia Geral da Associação Portuguesa de Museologia (APOM)

10:45 h .. Santiago Palomero Plaza. Director do Museo Sefardí de Toledo

11:30 h .. Pausa

12:00 h .. Debate

António Maia Nabais, Santiago Palomero Plaza.

Modera: Ángeles Penas Truque. Directora do Museo de Belas Artes de A Coruña

2ª SESIÓN. O MARCO NORMATIVO

16:00 h .. Javier García Fernández. Catedrático de Dereito Constitucional da Universidad Complutense de Madrid e director do anuario *Patrimonio Cultural y Derecho*

16:45 h .. Debate

Javier García Fernández

Carlos Amoedo. Profesor titular de Dereito Administrativo da UDC

Antonio Roma. Fiscal de Urbanismo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Modera: Francisco Fariña Busto. Presidente da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego

SITUACIÓN ACTUAL DOS MUSEOS GALEGOS

18:00 h .. Consello Galego de Museos

18:30 h .. Debate final. Conclusións e clausura

COMISIÓN ORGANIZADORA:

Carlos García Martínez
Felipe Arias Vilas
María Xosé Fernández Cerviño
Bieito Pérez Outeiriño
Xosé Carlos Sierra Rodríguez

Lugar de realización:

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

Inscripción:

A inscrición é gratuíta no sitio web www.consellodacultura.org
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao seminario.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantirá a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

Máis información:


www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.org/mediateca>



ORGANIZA:
**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

EN COLABORACIÓN CON:



**Consello
Galego
de Museos**